

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, IMPULSO E FORMACIÓN PARA O EMPREGO DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA DEZANOVE DE XUÑO DO ANO DOUS MIL VINTE E SEIS

ASISTENTES

PRESIDENTE:

D. Marcos Guisasola Padín

V O G A I S :

D. Rafael Domínguez Artime

D. Roberto José Álvarez Carrero, en substitución de Dona Luisa María Sánchez Méndez

D. Jorge Cubela López

D. Ricardo Martínez Chantada

Dna. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D. Paco Ferreira González

D. Javier Iglesias Mougán

Dna. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Gregorio Luís Agís Gómez

Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

Dna. Beatriz Lomba Rodríguez

Dna. María Manuela Rodríguez Pumar

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas e corenta minutos do día dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnense baixo a presidencia de D. Marcos Guisasola Padín, os/as señores/as deputados/as que á marxe se relacionan, membros da dita Comisión convocados coa correspondente orde do día.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral da Deputación de Pontevedra, Manuel Corujo Castro, xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

Aberta a sesión por parte da Presidencia pásase ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.



1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria, do vinte e dous de maio de 2026.
Por unanimidade dos asistentes apróbase a acta da anterior sesión ordinaria, do día vinte e dous de maio do ano dous mil vinte e seis.
2. Dar conta do pago anticipado de 54 contratos formativos do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” (Expediente 2025050276).
A Comisión queda enterada.
3. Dar conta da aprobación do cuarto listado de comercios retallistas, establecementos hostaleiros, produtores e provedores locais adheridos á rede do comercio local “MOVE” da Deputación de Pontevedra (Expediente 2024015939).
A Comisión queda enterada.
4. Dar conta do programa DepoEmprende para o curso 2025- 2026 – Mercado conxunto- (Expediente 2025046399).
A Comisión queda enterada.
5. Dar conta da sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación de Pontevedra para o establecemento dun marco de actuación conxunta nas ensinanzas de Educación Primaria, Educación Especial, Educación Secundaria Obrigatoria e Formación Profesional a favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende (Código convenio 2026000230) (Expediente 2026039056).
A Comisión queda enterada.
6. Rogos e preguntas.
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, cando son as doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día, do que eu, secretario, dou fe.

(Asinado dixitalmente ao marxe)

